



Expte. Cividas: 2017022620

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 30 de xaneiro de 2018

Visto o informe-proposta, de data 26 de xaneiro, elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica, mediante escrito de data 08 de xaneiro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 1-X/2018, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N110.2413.22640	Ourense Activa. Gastos diversos	83.546,14 €
N110.2413.23330	Becas alumnos Ourense Activa	183.600,00 €
N230.2413.12001	Soldos grupo A2	39.498,06 €
N230.2413.12100	Complemento de destino	21.843,78 €
N230.2413.12101	Complemento específico	39.890,34 €
N230.2413.16000	Cota patronal Seguridade Social	31.888,08 €
TOTAL.....		400.266,40 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
49009	Aportación Fondos Europeos Ourense Activa	400.266,40 €
TOTAL.....		400.266,40 €

2.- Modificar o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17-2-11-01

Título: Ourense Activa

Importe a incrementar: 487.240,91 €

Período de execución: 01/09/2017 - 31/12/2018

Aplicacións orzamentarias de gasto:

N110.2413.22640	Ourense Activa. Gastos diversos	170.520,65 €
N110.2413.23330	Becas alumnos Ourense Activa	183.600,00 €
N230.2413.12001	Soldos grupo A2	39.498,06 €
N230.2413.12100	Complemento de destino	21.843,78 €
N230.2413.12101	Complemento específico	39.890,34 €
N230.2413.16000	Cota patronal Seguridade Social	31.888,08 €

Financiación:

Aportación Fondos Europeos Ourense Activa (concepto de ingresos 49009): 400.266,40 €

Concello de Ourense (recursos propios): 86.974,51 € (RC núm. 201800002183)

Axente: Mº de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales (F3216001B): 400.266,40 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.